



Expediente núm.: 1825/2022

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: ORDE do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022

Obra/servizo subvencionado: Obradoiro Dual de Emprego Pereiro – San Cibrao

Categoría profesional: Docente do módulo “Pavimentos e albanelería de urbanización”

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

ASUNTO: Listado definitivo de admitidos/as e excluídos/as na selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar para o Obradoiro Dual de Emprego Pereiro – San Cibrao, na categoría profesional de **Docente do módulo “Pavimentos e albanelería de urbanización”**.

Examinadas as solicitudes presentadas para participar no proceso selectivo de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, dun (1) docente do módulo “Pavimentos e albanelería de urbanización” para a obra / servizo “Obradoiro Dual de Emprego Pereiro – San Cibrao”, cuxas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria realizada o día 9 de setembro de 2022, e posteriormente publicadas, na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar e na súa páxina web con data do 12 de setembro de 2022, e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte.

En relación coa oferta de emprego núm. 12 – 2022 – 10582, introducida no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), unha vez recibida a relación de persoas candidatas que se axustan ao perfil profesional solicitado para o posto de traballo de “docente do módulo “Pavimentos e albanelería de urbanización” do Obradoiro Dual de Emprego Pereiro – San Cibrao” e, tendo en conta que non se presentaron alegacións ou reclamacións polos/as aspirantes que integran a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no prazo establecido, consonte co disposto nas devanditas bases de selección,

RESOLVO

Primeiro.- Deixar constancia que a oficina de emprego de Ourense – A Ponte, é a encargada da xestión da oferta de emprego núm. 12 – 2022 – 10582.

Segundo.- Elevar a definitivas as listas provisionais de admitidos/as ao proceso selectivo quedando como segue:

LISTA DE ADMITIDOS/AS:

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME
1	ABOY OCON JOSÉ MANUEL
2	CID BABARRO ANÍBAL
3	LUÍS FERNÁNDEZ XOÁN CARLOS
4	NÓVOA SALGADO JOSÉ RAMÓN
5	PÉREZ RUÍZ YANET

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)
Dpto. de Persoal e Provisións de Postos
Data: 23/09/2022
Sinatura: 23/09/2022
HASH: 0673c44afcbcd1ff0db2e7f0d2227c6aa



JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (2 para 2)
Dpto. de Persoal e Provisións de Postos
Data: 23/09/2022
Sinatura: 23/09/2022
HASH: 98656207e6e6561dc6aae4c21851e188



RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2022-0753 Data: 23/09/2022



Cod. Validación: 5LRRTNEWCF706C6DCYH45KF5 | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

LISTA DE EXCLUÍDOS/AS:

Non hai

Terceiro.- Deixar constancia de que non se presentaron ata o día da data recusacións ao tribunal cualificador publicado coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

En consecuencia, o tribunal que xulgará estas probas selectivas será o seguinte:

Tribunal titular:

Presidente: José Antonio Cerdeira Pérez, Secretario – Interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.

Secretario/a: Yajaira Lage Blanco, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Vogais: María Isabel Colmenero Veloso, Secretaria – Interventora do Concello de San Cibrao das Viñas.

Luisa María López Pérez, arquitecta municipal do Concello do Pereiro de Aguiar.

Marina Sara González Soto, asesora xurídica en Asuntos de Urbanismo e Demais Servizos Municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

Tribunal suplente:

Presidente: Antonio Gómez González, Secretario – Interventor do Concello de Paderne de Allariz.

Secretario/a: Ana Belén Belmonte Ferreiro, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Vogais: Jorge Moreno Martín – Caloto, Secretario – Interventor do Concello de Boborás.

Elena Alañón Martínez, Secretaria – Interventora do Concello de Esgos.

María del Carmen García Pérez, Secretaria – Interventora do Concello de Sarreaus.

Cuarto.- Sinalar o vindeiro día 23 de setembro de 2022, ás 12:50 horas, para a constitución do Tribunal Cualificador das probas selectivas, nas instalacións do Concello do Pereiro de Aguiar (Salón de Plenos) sito en Praza do Concello, nº 1 – Concello do Pereiro de Aguiar (Coordenadas Google Maps: 42.34665778451676, -7.79987935663343).

Quinto.- Sinalar o vindeiro día 23 de setembro de 2022, nas instalacións do Concello do Pereiro de Aguiar para a realización da seguinte proba:

- Ás 13:00 horas para a realización da entrevista persoal. Que ten como finalidade avaliar o interese do candidato/a en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo do que se trate.

Sexto.- Os/as aspirantes deberán comparecer provistos da seguinte documentación:

- DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade
- Certificado de vida laboral actualizada
- Xustificante de inscrición como demandante de emprego
- Documento asinado onde se enumere a documentación que se achega e autorice á entidade promotora a publicar os seus datos (nome e apelidos, dni) nas actas, listaxes ou calquera outro documento que resulte do proceso
- Documentación acreditativa dos méritos que se describen nas Bases de Selección, para os efectos de valoración polo tribunal
- Bolígrafo





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Esta documentación deberá presentarse en orixinal ou copia compulsada.

Sétimo.- Publicar a presente Resolución de relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar e na súa páxina web, e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 do 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Así o acorda o Sr. alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como secretario – Interventor dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O alcalde,
Luís Menor Pérez

O secretario – interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-0753 Data: 23/09/2022



Cod. Validación: 5LRRDTNEWCF706C6DCYH45KF5 | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3